



## BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA INICIA

### Base primeira: Definición do Programa

---

A Concellería de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña, organiza unha nova edición do **Programa INICIA** no curso escolar **2017-2018**.

INICIA é un programa municipal que persegue a difusión e implantación do espírito emprendedor empresarial entre o alumnado de Ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais radicados na nosa cidade que, previamente, manifesten o seu interese na participación de conformidade co establecido nas presentes bases. O programa proporciona apoio ao profesorado dos centros participantes, mediante a formación-titorización do alumnado, con persoal técnico municipal do Departamento de Promoción Económica e Comercio e coa colaboración do IGAPE-Xunta de Galicia, utilizando para iso documentación e ferramentas informáticas de apoio e ofrecendo premios incentivadores que priman as mellores iniciativas emprendedoras que se desenvolvan co programa.

### Base segunda: Obxectivos do programa INICIA

---

Os obxectivos do programa **INICIA** son os seguintes:

- Desenvolver as capacidades emprendedoras do alumnado dos centros de FP e Ensinos Especiais da Coruña
- Fomentar a difusión e implantación da cultura emprendedora en centros de FP e Ensinos Especiales da Coruña
- Favorecer e mellorar o desenvolvemento de valores educativos tales como: creatividade, traballo en equipo, solidariedade e autonomía
- Servir de instrumento de promoción de boas ideas empresariais, proxectos e persoas que os levan a cabo
- Impulsar e fomentar iniciativas empresariais de interese
- Apoiar aos/as docentes dos centros educativos na súa tarefa de formación
- Fomentar iniciativas emprendedoras que repercutan na economía do Concello da Coruña

### Base terceira: Persoas destinatarias do programa

---

As persoas beneficiarias do Programa **INICIA** son o alumnado dos centros educativos colaboradores pertencentes aos ciclos de Formación Profesional e Ensinos Especiais con sede na nosa cidade que elaboren un proxecto empresarial, preferentemente en equipo (cun máximo de catro membros) ou, e só con carácter excepcional, de forma individual.

Durante o desenvolvemento do programa, ademais da figura de titor/a-formador/a que recae sobre o persoal técnico municipal e do IGAPE, podemos distinguir os/as seguintes axentes e funcións:

#### ➤ Centros educativos colaboradores

Serán os centros públicos que imparten ciclos formativos e os Centros de Ensinos Especiais, así como os privados cos que o Concello da Coruña subscribise un convenio de colaboración no que figure tal fin.



### ➤ Alumnado

Poderá participar no programa INICIA todo o alumnado dos centros educativos colaboradores que teña unha idea empresarial orixinal e innovadora, e queira desenvolver o seu proxecto de empresa.

### ➤ Profesorado colaborador

Son os/as profesores/as que imparten, nos centros colaboradores, materias relacionadas co mundo empresarial e que se responsabilicen do alumnado participante, ademais de servir de ligazón co persoal municipal responsable do programa.

### **Base cuarta: Participación no Programa**

---

Para participar no programa cada centro educativo deberá cursar a solicitude de inscrición a través da páxina web educativa [www.edu.coruna.es](http://www.edu.coruna.es) (proxecto A Coruña Educa) no prazo establecido na dita páxina.

Solicitada a mesma, e cumpridos os requisitos esixidos para a súa inscrición, programaranse e se executarán as distintas sesións de formación e titorización.

A participación no Programa suporá a obrigación de presentar, para a selección da Feira de Ideas, a lo menos, o 50% dos proxectos titorizados en cada unha das especialidades de cada Centro. Será responsabilidade do profesorado do Centro Educativo o cumprimento desta obriga.

Todo o itinerario do Programa INICIA desenvólvese durante o curso escolar 2017-2018.

### **Base quinta: Desenvolvemento**

---

Nas sesións de formación traballaranse os contidos que a continuación se describen. Para alcanzar os obxectivos previstos e desenvolver o seu contido, o programa constará das seguintes fases a desenvolver desde o mes de outubro de 2017 ata marzo de 2018:

#### Fase I.- Formación do alumnado (outubro-febreiro):

- Sesión 1: Plan de Empresa
- Sesión 2: Plan Económico Financeiro (simulador empresarial)
- Sesión 3: Taller de presentación de proxectos

#### Fase II.- Presentación dos proxectos preseleccionados (primeira quincena de marzo)

#### Fase III.- Celebración da Feira de Ideas e Premios “Formación para Emprender” (segunda quincena de marzo).

O alumnado interesado en participar na Feira de Ideas deberá presentar ao profesorado colaborador responsable de cada centro educativo un proxecto de empresa, cumplimentando na forma e segundo as directrices que facilitará nas sesións de formación o persoal técnico municipal e do IGAPE vinculados ao programa. Con todo, o alumnado poderá incluír todos aqueles documentos, fotografías e datos que se consideren de interese ou relevantes para a mellor definición, comprensión e presentación do seu proxecto.

Desta primeira avaliación, o profesorado colaborador deberá elixir os melhores proxectos co fin de que sexan incluídos na selección que realizará o Comité de Valoración para a participación na Feira de Ideas que se celebrará na segunda quincena de marzo.



## Base sexta: Concurso - Premios “Formación para Emprender”

---

### a) Da preselección

Os proxectos preseleccionados polo profesorado colaborador do programa INICIA, que optarán á presentación na Feira de Ideas e aos Premios “Formación para emprender”, deberán ser presentados tanto en papel como en formato dixital, e remitida a súa documentación ao Departamento de Promoción Económica e Comercio do Concello da Coruña nunha data a finais do mes de febreiro que se comunicará aos Centros.

### b) Da composición do Comité de Valoración

Con posterioridade, en data por determinar, constituirase un Comité de Valoración composto por, como mínimo, dúas persoas do Concello da Coruña e unha en representación do IGAPE.

### c) Dos criterios de avaliación dos proxectos para participación na Feira e fallo de premios

**FEIRA DE IDEAS.** En ningún caso poderán ser seleccionados para participar na Feira de Ideas, e por tanto optar aos Premios Formación para Emprender, proxectos que non cumpran os requisitos mínimos de presentación e viabilidade. Serán seleccionados, como máximo, 15 proxectos tendo en conta os criterios que abaixo se mencionan:

1. Maior viabilidade do proxecto (técnica, económica e financeira)
2. Mellor presentación
3. Maior grado de innovación e inclusión de novas tecnoloxías
4. Maior orixinalidade da idea
5. Mellor grao de competitividade

Os proxectos seleccionados polo Comité para participar na Feira de Ideas conforme a estes criterios deberán entregar, no prazo que se lles indicará, en formato 2.0 e segundo o traballado no “Taller de presentación de proxectos”, unha copia da presentación que realizarán na dita Feira e expoñela ante os/as técnicos do Concello na primeira quincena de marzo.

**PREMIOS “FORMACIÓN PARA EMPRENDER”.** O día de celebración da Feira de Ideas o Comité de Valoración elixirá os **tres mellores** proxectos entre os participantes, levantando acta, engadindo aos criterios xa puntuados o último criterio:

6. Presentación na Feira

O fallo definitivo do comité, coa **puntuación total obtida cos 6 criterios**, farase público na ceremonia de clausura do programa.

## Base séptima: Presentación dos proxectos realizados na Feira de Ideas

---

O día de celebración da Feira os equipos terán a ocasión de presentar libremente e ter expostos na forma e cos medios que consideren máis adecuados os seus proxectos ante o público asistente, podendo contar para iso cos materiais publicitarios, audiovisuais, teatrais... que desexen coa finalidade de conseguir un maior atractivo e atención sobre a súa proposta.

## Base oitava: Premios

---

Os premios serán para:

- Os/as integrantes dos equipos que conforman os proxectos premiados



- Os Centros Educativos aos que pertence o alumnado premiado

O premio para cada un dos Centros Educativos premiados consistirá nun cheque regalo para material escolar por un importe de 300€. Ás persoas integrantes dos equipos gañadores outorgárselles un premio valorado nun importe máximo de 250€. En todo caso, a aprobación e contía dos premios, quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 60.433.227.06 Estudos e Traballo Técnicos do ano 2018.

Así mesmo os proxectos seleccionados para a Feira de Ideas terán un espazo para a posta en marcha ou maduración da idea no Centro de Empresas ACCEDE Papagaio do Concello da Coruña durante un período máximo de 6 meses de forma gratuita, sempre que exista dispoñibilidade e se axusten aos requisitos que indican as bases do Centro. A ocupación do dito espazo deberá producirse, como máximo, nun prazo de 6 meses desde a data de celebración da Feira.

#### **Base novena: Publicación dos materiais presentados**

Os traballo que se presenten aos premios permanecerán no Concello da Coruña para o seu estudo e avaliación por parte do xurado, sen prexuízo da propiedade intelectual do contido dos proxectos que corresponderá, en todo caso, aos/ás autores/as. Con todo, aqueles/as participantes que desexen recuperar os proxectos presentados, deberán solicitalo ao persoal municipal do Departamento de Promoción Económica e Comercio no prazo máximo de seis meses contados a partir do día da ceremonia de clausura. En caso contrario o Concello poderá dispoñer dos mesmos, respectando en calquera caso o disposto legal e regulamentariamente nesta materia.

#### **Base décima: Aceptación das Bases**

O feito de participar no programa INICIA implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases.

A Coruña, 19 de setembro de 2017

A Xefa do Departamento de Promoción Económica e Comercio

Teresa Somoza Quintero